



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Acordo do 7 de marzo de 2023, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación e o plan de restauración da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "Monte Redondo" núm. 325, situada no termo municipal de Vilalba, na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 23.4 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación e o plan de restauración da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "Monte Redondo" núm. 325, situada no termo municipal de Vilalba, na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación e o plan de restauración atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, e na dirección web da dita Consellería (<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>).

As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 7 de marzo de 2023.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0709

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía número 31 de 9 de marzo de 2023, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao **cuarto** trimestre do ano 2022:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, **no que se inclúe o canon da auga (4º trimestre do ano 2022)**.
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto da aprobación dos padróns de: abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende esta notificación.

Baralla, 9 de marzo de 2023.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0710

BEGONTE

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 10 de marzo de 2023, acordou a aprobación das bases reguladoras que rexerán a convocatoria das axudas municipais para paliar os danos provocados polas inundacións a causa do temporal de xaneiro de 2023.

Dan cumprimento ao dito acordo, se abre un prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes. As bases estarán expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

Begonte, 10 de marzo de 2023.- O Alcalde- Presidente, Jose Ulla Rocha.

R. 0728

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2023 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE DO ANO 2023.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2023, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 1/2023, do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario con cargo a baixas de aplicacións orzamentarias, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal594.814,88

CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos1.819.414,61

CAPÍTULO III: Gastos Financeiro.....0

CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes103.381

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións reais385.419,76

CAPÍTULO VII: Transferencias de capital12.000

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros0

CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros0

TOTAL: 2.915.030,25 euros

Así mesmo, acordouse a modificación das Bases de Execución do Orzamento do Concello de Castroverde do exercicio 2023 no punto seis da base 24 (subvencións nominativas) de acordo co seguinte detalle:

Beneficiario	Concepto	Importe
Casas Niño	Gastos de mantemento e funcionamento	900 euros

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 10 de marzo de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0729

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E SOCIAIS E ASISTENCIA A ACTOS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE CASTROVERDE

Sendo aprobada inicialmente a “Ordenanza fiscal reguladora do prezo público por actividades culturais, deportivas e sociais e asistencia a actos ou espectáculos públicos do Concello de Castroverde (Lugo)” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 14/07/2022, e transcorrido o prazo de 30 días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de bases de réxime local, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contenciosa administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co artigo 10.1.b), ambos os dous, da lei 29/1998, do 23 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, contra o presente acordo de aprobación da Ordenanza Fiscal, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso administrativo diante da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Poderán así mesmo interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da Ordenanza Fiscal aprobada con carácter definitivo é a seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E SOCIAIS, E ASISTENCIA A ACTOS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais aprobados polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida a este Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4,49,70.2 e concordantes da Lei 7/85 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establécese o prezo público por actividades culturais, deportivas e sociais e asistencia a actos ou espectáculos que se rexerán pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que serán satisfeitas polos usuarios que voluntariamente soliciten a realización de actividades de carácter cultural e deportivo ou sociais, ou ben asistencia a espectáculos ou representacións de carácter cultural, deportivo ou social organizadas polo Concello de Castroverde, tales como talleres, cursos, seminarios, excursións e demais de natureza análoga, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas a entidade local.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pago deste prezo público, os beneficiarios das actividades anteriores.

ARTIGO 4.- ESTABLECEMENTO E CONTÍA

O establecemento e contía do prezo público será a que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, de acordo ó establecido no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A estes efectos, con carácter previo ó inicio da actividade, a Xunta de Goberno Local, en base ó informe previo da Intervención Municipal acerca dos custos soportados polo Concello, establecerá as tarifas concretas de cada actividade, de acordo co artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Poderanse fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellan, ó perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido no artigo 44 da Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura.

Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no Taboleiro Electrónico de Anuncios do Concello a efectos de publicidade.

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- A obrigación do pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace dende que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades especificadas na presente Ordenanza.

2.- O pago do prezo público efectuarase (nos días que marque a área correspondente) no réxime de autoliquidación, tendo cada unha das cotas carácter irredutible.

3.- As baixas voluntarias dos alumnos deberán ser comunicadas e rexistradas no Concello alomenos cunha semana de antelación ao mes ao que se solicite causar baixa.

4.- As contías dos prezos públicos son irredutibles, de forma que iniciada a prestación do servizo nun determinado período, cobrarase totalmente a tarifa correspondente ao mesmo, salvo que o período da actividade se reduza por decisións do Concello.

5.- No caso da devolución de recibos os custos bancarios e custos de procedemento correrán por conta dos obrigados ao pago.

ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No caso de non poder realizar o cobro do prezo público ou de devolución do recibo, o suxeito pasivo terá un prazo de dez días para ingresar o importe pendente por transferencia (aportando ao Concello o xustificante de pago). Ao importe pendente de pago incorporaranse os gastos de devolución e custos de procedemento.

Se transcorridos os dez días non se saldou o importe pendente, o alumno será dado de baixa da actividade, sen prexuízo de que lle sexa exixible por vía de apremio o importe das cotas e os gastos de devolución e custos do procedemento sen pagar.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan ás mesmas en cada caso estarase ao disposto no artigo 183 e seguintes da Lei Xeneral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor hasta a súa modificación ou derogación expresa.

Castroverde, 10 de marzo de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0730

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL TRABALLADORA CON RESERVA AO POSTO DE TRABALLO, DE UN (1) TÉCNICO SUPERIOR EN EDUCACIÓN INFANTIL PARA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE CERVO AO 60% DA XORNADA.

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2023 - 0171 de data 28 de febreiro de 2023, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, mediante contrato de duración determinada para a substitución de persoal traballadora con reserva do posto de traballo, de un (1) Técnico Superior en Educación Infantil, para substituír a unha traballadora durante a súa baixa por maternidade, para a escola de Educación Infantil do Concello de Cervo ao 60% da xornada.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web www.concellodecervo.com

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 10 de marzo de 2023.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0731

GUITIRIZ

Anuncio

CONVOCATORIA ESPECIFICA PARA A INCLUSION NA BOLSA DE TRABALLO MEDIANTE CONCURSO DE MERITOS NAS CATEGORIAS PROFERIONAIS RELACIONADAS”

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a formación de bolsas de traballo nas seguintes categorías profesionais:

- Auxiliar de xeriatría; requisitos específico. Ciclo formativo de auxiliar de xeriatría, enfermería ou equivalente
- Operario Centro de Día; requisitos específico: certificado de escolaridade ou equivalente, ou titulación superior. Carné de manipulador de alimentos.
- Peón de servizos múltiples. Requisitos específicos; certificado de escolaridade ou equivalente, ou titulación superior.
- Peón condutor de servizos. certificado de escolaridade ou equivalente, ou titulación superior. Carne de conducir tipo C. Certificado de Aptitude Profesional Acreditada (CAP).
- Limpador/a. Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- Técnico de PAI. Requisitos específicos; titulación de pedagogía ou psicopedagogía; mestre especialista en educación infantil ou equivalente; ou técnico superior de educación infantil ou equivalente. Curso de primeiros auxilios. Carné de manipulador de alimentos. Vacinación contra a rubeola. Non ter sido condeado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade sexual(arte 13.5 LO de protección xurídica do menor).Deberán acreditarse mediante certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais (ou rexistro central de antecedentes Penais). Requisitos xerais para todas as categorías de postos de traballo.

Os aspirantes que participen na presente convocatoria deberán reunir os seguintes requisitos mínimos:

Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Nacionalidade: a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

Os requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante todo o proceso, así como, no seu caso; no momento da formalización dos nomeamentos ou contratos.

O sistema selectivo será o de CONCURSO DE MERITOS, e a presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello de Guitiriz (<https://guitiriz.sedelectronica.gal/>) e no Taboleiro de anuncios. O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente na na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios.

2ª.- Presentación de instancias.

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia, conforme ao modelo que figura como anexo I, xuntando a documentación que acredite que reúne os requisitos propios da categoría, grupo, escala ou especialidade en que solicita inscribirse e un baremo de méritos

Prazo de presentación; a presentación de instancias será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Lugar de presentación; a presentación de instancia realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz ou na forma establecida no art 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

O anuncio da convocatoria farase público no BOP de Lugo, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Guitiriz. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse , na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Guitiriz.

3ª.- Criterios de valoración.

A valoración das solicitudes presentadas para a inclusión na Bolsa de traballo efectuarase con base aos seguintes criterios:

- Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:
 - Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración Local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,050 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Guitiriz, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
 - Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca noutra Administración Pública e referidos ós últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
 - Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Titulación académica superior, ata un máximo de 1 punto:

No caso de dispoñer de titulacións académicas superiores ás esixidas na convocatoria e sempre e cando a mesma teña relación directa e inmediata coa praza que se solicita, valorarase a mesma coa puntuación de 1 punto.

Formación, ata un máximo de 2 puntos:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

Menos de 15 horas: 0 puntos

De 15 a 39 horas: 0,10 puntos

De 40 a 79 horas: 0,20 puntos

De 80 a 159 horas: 0,40 puntos

Más de 160 horas: 0,75 puntos.

- Coñecemento da lingua galega, cun máximo de 1 punto. (superior á esixida en cada convocatoria)

4ª.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.

Perante o prazo de 5 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presentarse a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos, a cal ditarase no prazo máximo de tres días e se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

5ª Tribunal Cualificador

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma:

Presidente/a: Persoal funcionario da Corporación ou no caso que non sexa posible doutra administración local designados/as pola Alcaldía.

Secretaria/o: O secretario da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa.

Vogais: Tres vogais persoal funcionario dunha administración local designados/as pola Alcaldía

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde da oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.-Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo..

6ª Bolsas de emprego

Rematadas as valoracións de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos e sede electrónica do Concello de Guitiriz a relación dos candidatos por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación parcial e total acadada por cada aspirante no proceso selectivo.

En caso de empate solventarase por sorteo público.

O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente

As bolsas de emprego terán unha duración anual, prorrogable anualmente salvo resolución en contrario. Poderá haber resolución específica de cada unha das distintas bolsas.

- As persoas integrantes das mencionadas bolsas e os novos aspirantes que desexen participar nas mesmas e sempre que manteñan ou cumpran os requisitos establecidos en cada unha delas, poderán achegar novos méritos, coincidentes cos valorables na presente convocatoria, para mellorar a súa puntuación, ou presentar unha solicitude nova para aqueles que non estén incluídos na bolsa inicial.
- Para proceder a actualización dos méritos, establécense un período ao ano de 20 días hábiles, no mes de febreiro de cada ano.
- A valoración destes méritos será realizada mediante tribunal nomeado ao efecto conforme as regras do TREBEP

Funcionamento da bolsa de emprego:

-Chamamentos:

Os chamamentos para un posto de traballo realizaranse seguindo a orde da bolsa de emprego de forma telefónica ao número de teléfono indicado na instancia presentada para participar no proceso selectivo..

O persoal responsable deberá acreditar no expediente que se intentou contactar cos candidatos correspondentes da bolsa de emprego cun mínimo de dous intentos por teléfono en horas distintas, informando por escrito dos que renunciaron, dos que non contestaron ao chamamento, e do/a candidato/a que acepta o posto de traballo.

Cada vez que vaia a contratarse a unha persoa para un posto de traballo comezarase a chamar aos candidatos/as polo orde da bolsa de emprego, comezando sempre desde a primeira persoa da bolsa, aínda que o último chamamento fora recente e houberan renunciado os primeiros.

-Renuncias:

Si algún/algunha candidato/a non contesta entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación.

A renuncia ao posto pode realizarse de forma oral, por escrito no rexistro xeral, Fax, enderezo electrónico, ou calquera outro medio no que quede constancia no Concello, non sendo necesario acreditar a causa pola que renuncia ao posto. Dúas renuncias aos chamamentos implicarán a expulsión da bolsa.

No suposto de non contestar ao chamamento (telefónico ou por enderezo electrónico) no mesmo día, entenderase a todos os efectos que renuncia ao posto, manténdose na mesma posición da lista, salvo que proceda á súa expulsión da bolsa

7º Incidencias e lexislación aplicable

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

